



Praza da Peixería

Construído entre 1881 e 1883, a praza serve hoxe de escenario para distintas actividades lúdicas pero tamén como oficina de turismo. A proposta consiste en pechar o recinto mantendo todos os elementos estéticos e logrando unha maior versatilidade. O proxecto inclúe un novo sistema de iluminación e a instalación de calefacción.



Plan de Mobilidade

O obxectivo deste programa é favorecer a mobilidade das persoas no Concello de Vilagarcía de Arousa, priorizando o transporte público sobre o privado e facilitando a conectividade de todos os núcleos do municipio, tanto rurais coma urbanos, aínda que con especial énfase na liña Vilaxoán-Vilagarcía-Carril, eixo vertebrador do proxecto AROUSA XXI.



Conciliación da vida familiar e laboral

Aínda que a conciliación non é específica das mulleres, son estas as que máis o precisan, tal e como se reflicte no diagnóstico inicial do Arousa XXI. Por iso, o proxecto permitirá crear un programa de conciliación familiar para facilitar o emprego feminino, especialmente no principal sector económico dos núcleos históricos do Carril e Vilaxoán, a pesca e o marisqueo.



Patrimonio cultural: música e navegación tradicional

Arousa XXI quere poñer en valor os aspectos históricos e culturais do municipio e, polo tanto, reforzando os sinais de identidade propios e facilitando a promoción do emprego e a cohesión social. Recuperar o patrimonio cultural e etnográfico que garda a música das vilas mariñeiras ou os métodos tradicionais de navegación, son dous dos programas.



Arousa XXI, a golpe dun clic!

Unha das claves do éxito dun programa como Arousa XXI é dalo a coñecer, facer partícipe á cidadanía á que vai dirixida. Para iso, e aproveitando as novas tecnoloxías, o Concello creou unha web, arousaxxi.vilagarciaactiva.com, a través da cal os veciños poidan ter información de primeira man sobre o desenvolvemento do proxecto. Así, a un só golpe de clic, poderemos coñecer os distintos ámbitos de actuación, a que se destinan os 2,8 millóns de euros, e cal o resultado final das actuacións. O minisite de Arousa XXI está integrado nunha plataforma máis ampla, www.vilagarciaactiva.com, na que se darán a coñecer as outras moitas iniciativas das distintas concellerías e departamentos do Concello.



Información

Dividido nun menú con sete capítulos –que é Arousa XXI, humanización de rúas, patrimonio material, patrimonio inmaterial, igualdade, vivenda/rehabilitación e medioambiente–, e cada un deles, á súa vez, dividido en apartados –cada unha das actuacións: Carril, Vilaxoán, Vilagarcía, conciliación da vida laboral, parques, rúas, etcétera– na web pode obterse información sinxela e directa sobre cada un dos ámbitos de actuación.

Documentación

Cada capítulo ou apartado se acompaña, cando así se considera oportuno, da correspondente documentación, dende os planos de reforma do parque da Compostela ou da humanización das rúas de Carril ou Vilaxoán, ata a memoria dun proxecto tan importante como o Plan de Mobilidade.




Participación

Dar a coñecer Arousa XXI é unha aposta tamén pola participación cidadá. De aí a sección que pecha a web, o “Libro de Visitas”, no que o internauta poderá expresar con liberdade a súa opinión sobre os proxectos realizados ou as súas suxestións sobre o mesmo ou futuras convocatorias dos fondos Feder.



arousaxxi

ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN,
REORDENACIÓN URBANA E SOSTIBILIDADE AMBIENTAL



Fondo Europeo de
Desarrollo Regional
de la Unión Europea
"Una manera de hacer Europa"



CONCELLERÍA DE XESTIÓN DO TERRITORIO



Que é Arousa XXI?

O Proxecto Arousa XXI é unha aposta do goberno municipal polo **desenvolvemento sostible**, a conservación do medio ambiente e a rehabilitación e recuperación dos cascos históricos. Cun presuposto de **2,8 millóns de euros**, na súa maior parte financiados a través de **Fondos Feder** da UE, Arousa XXI inclúe distintas actuacións de rehabilitación e dinamización, á súa vez relacionadas coas Áreas de Rehabilitación Integral (ARIs).

Por que Arousa XXI?

Arousa XXI expresa a confianza nunha nova Vilagarcía, **a cidade do século XXI**, dinámica, respectuosa co pasado pero ambiciosa de cara ao futuro. Unha cidade para os cidadáns, con **calidade de vida**, co saber vivir dunha vila de tamaño medio, situada no centro do eixo atlántico de Galicia, pero coas comodidades e servizos dunha gran urbe.

Cales son os seus principais proxectos?

De acordo cos seus obxectivos xerais –desenvolvemento sostible, medioambiente e rehabilitación–, Arousa XXI abrangue proxectos que van dende a **humanización de rúas**, é o caso dos cascos históricos de Carril e Vilaxoán, á preservación e **rehabilitación do patrimonio material** –os parques da Compostela ou de Ravella, por exemplo– pero tamén inmaterial –a **tradición musical** das vilas mariñeiras– ou a creación dunha **marca de calidade** –“sabor a mar”– para a dinamización do comercio e a hostalería locais. E porque todo isto debe traducirse nunha mellor calidade de vida, Arousa XXI inclúe así mesmo un **plan de mobilidade** e outro de **conciliación da vida familiar** e laboral.



Casco histórico de Carril

A mellora da accesibilidade e da mobilidade e a normalización do mobiliario e iluminación dos cascos históricos, é unha das metas a conseguir con Arousa XXI. O proxecto de Carril afecta á Rúa do Carmen, principio da Rúa Lucena, travesía do Carme e Lucena e parte da praciña de Portugaleta. O orzamento desta actuación é de 678.893,38 euros.



Casco histórico de Vilaxoán

Como no Carril, as actuacións previstas en Vilaxoán consisten na pavimentación con enlousado de pedra e a instalación de novo alumeadado. As redes de comunicación serán soterradas. As rúas beneficiadas son: Alfredo Saralegui, travesías do Mercado, Rúa Cañotas, Rúa Eiras e a primeira travesía Rafael Pazos. O investimento é de 678.104,71 euros.



Praza de Ravella

O obxectivo é conservar e mellorar un xardín que xa cumpríu cen anos, para que recobre o protagonismo paisaxístico como complemento á Casa Consistorial, exemplo da arquitectura ecléctica de finais do século XIX. O proxecto prevé unha nova disposición das bancadas e a ampliación do parque infantil e da zona verde cara á Casa Consistorial.



Parque da Compostela

Con esta actuación preténdese recuperar o parque, símbolo turístico de Vilagarcía e da súa relación con Santiago, dotándoo de novos contidos didácticos. O presuposto rolda o millón de euros, entre a rexeneración do parque, que inclúe novo mobiliario e iluminación, e a construción dun novo pavillón de recreo que substitúa ao antigo “chiringuito” circular.

Como se financia?

Arousa XXI é un proxecto promovido polo Concello de Vilagarcía ao abeiro da primeira convocatoria de axudas do **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)** para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano no período **2007-2013**.

Aprobado pola Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, Arousa XXI ten un orzamento de **2,8 millóns de euros**, dos que 1,9 proceden dos fondos FEDER e o resto, da aportación municipal.

Orzamentariamente, así se reparten os 2,8 millóns de euros de Arousa XXI:

ACTUACIÓNS	PRESUPOSTO
Ámbito 1: Promoción Económica	
Promoción do comercio tradicional	100.000,00 €
Programa de conciliación familiar	30.000,00 €
Total	130.000,00 €
Ámbito 2: Mellora do contorno natural e calidade ambiental	
Rexeneración do parque da praia Compostela	450.000,00 €
Rexeneración do Xardín de Ravella	230.000,00 €
Mellora da rede de saneamento nos cascos históricos	250.000,00 €
Total	930.000,00 €
Ámbito 3: Mellora da accesibilidade e a mobilidade	
Plan de mobilidade e accesibilidade	75.000,00 €
Humanización dos cascos históricos de Carril e Vilaxoán	1.157.000,00 €
Total	1.232.000,00 €
Ámbito 4: Promoción e preservación do patrimonio cultural	
Conservación e mellora da praza da Peixería	125.000,00 €
Normalización de mobiliario e iluminación de cascos históricos	200.000,00 €
Promoción da calidade dos servizos turísticos e culturais	70.000,00 €
Total	395.000,00 €
Total ámbitos	2.687.000,00 €
Xestión e seguimento do proxecto	
Gastos xerais de unidades de xestión	--
Asistencia técnica	69.000,00 €
Auditorías externas (controles, verificacións)	15.000,00 €
Avaliacións	31.000,00 €
Total	115.000,00 €
Información e publicidade	
Manuais e documentación	913,60 €
Páxinas web	6.000,00 €
Campañas de comunicación	6.000,00 €
Participación en redes de intercambio	3.000,00 €
Xornadas / Sesións / Eventos de difusión	7.000,00 €
Total	22.913,60 €
TOTAL PROXECTO	2.824.913,60 €

Como se articula a participación cidadá?

Todas as accións da UE teñen un obxecto final que é a construción da **Europa dos cidadáns**. De aí a importancia que se dá á participación social nos proxectos FEDER. No caso de Arousa XXI, esta participación artículase a través da creación do denominado **Grupo de Acción Urbana (GAU)**, da que forman parte os axentes sociais que prestaron o seu apoio ao Concello na fase de deseño do proxecto.

Do GAU forman parte:

Por CARRIL, Círculo Artístico Deportivo “Gato Negro” / Asociación de Mulleres “Cortegada” / Confraría de Pescadores / Asociación Rompetimóns / Asociación Folclórica “Malveiras”.

Por VILAXOÁN, Confraría de Pescadores / Asociación de Veciños / Club de Remo “Vilaxoán” / Asociación de Mulleres de Vilaxoán.

E por VILAGARCÍA, Unión de Profesionais e Traballadores Autónomos (UPTA) / Asociación de Comerciantes “Zona Aberta”.